

Aires da Terra

Aires dá Terra, que naceu en 1883, foi o primeiro grupo folclórico galego que marcou a liña a seguir en todo o século XX. Foi a pioneira na recollida e interpretación de música popular galega.

Fundado polo farmacéutico pontevedrés Perfecto Feijoo, en cuxa rebotica ensaiaban, comezaron a actuar en 1900 contrariando os gustos da sociedade e á marxe do aparello cultural da época. Este coro dirixíao o propio Feijoo, que era ao mesmo tempo o seu gaitero.

Os seus compoñentes, todos eles membros da burguesía urbana pontevedresa, salvo o tamborilero que era aldeán, realizaban as súas actuacións vestidos co traxe tradicional. Concretaron un proxecto estético ben elaborado, sen intereses económicos e cun obxectivo social reivindicativo. Confiaban nos valores dunha Galicia, xa por entón desfallecente, e querían convencer, primeiro ás elites e despois ao público en xeral, de que o fala, o traxe e a música das aldeas poden ser izados como estandartes nobiliarios.

A formación variou entre as oito e as doce persoas segundo as épocas, e nas súas actuacións alternábanse as pezas populares interpretadas de xeito coral con acompañamento da gaita, con outras composicións populares que se acompañaban con percusións, frauta ou mesmo zanfona ou chocallos, segundo as pezas.

A finais do século pasado, a puxante burguesía urbana rexeitaba sistematicamente tanto o idioma coma a cultura do país, incluíndo, por suposto a música tradicional. O traballo de Perfecto Feijoo e de Aires da Terra introduciu este tipo de elementos nos escenarios das vilas e nos salóns das casas, reivindicando o valor estético e cultural do noso folclore.

En 1904 a importancia que conseguira o grupo levou ao empresario coruñés Pedro Ferrer a enviar ate Pontevedra un grupo móbil de gravación da compañía francesa Gramophone, que inmortalizaría dezoito das pezas que interpretaba o coro pontevedrés noutros tantos discos de lousa que se constituen como as máis antigas gravacións existentes sobre a tradición musical galega.

A intención de Ferrer non era altruísta, xa que o coruñés, editor da revista "Portafolio Galicia", vendería posteriormente copias de varios destes discos en América conseguindo un grande éxito. Anos máis tarde, en 1911, a compañía madrileña Odeón faría unha nova edición dalgunhas destas pezas.

En 1914, Aires dá Terra realizou unha xira por Arxentina e alí, no máis doce do triunfo, desaparece. Ao longo de catorce anos, Aires dá Terra actua gratuitamente, e Feijoo prefire disolver o coro no cume da súa fama, cando aparecen os intereses económicos e ameazan prevalecer sobre o labor de restauración da dignidade galega.